

estratexias de animación á lectura Estratexias de anima


á lectura estratexias de animación á lectura estrate

animación **clásicos contados aos nenos**


estratexias de animación á lectura Estratexias de anima

á lectura estratexias de animación á lectura estrate

A Odisea



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



A ODISEA

Obxectivos

- Introducir os alumnos no estudo da Grecia clásica.
- Ampliar as perspectivas e as cosmovisións do mundo por parte dos alumnos, dado que se van somerxer nun contexto espazo-temporal completamente diferente ao noso.
- Potenciar a realización de actividades creativas, expresivas, plásticas e físicas.

2

- Facilitar a iniciativa persoal e a resolución de problemas.
- Facilitar o traballo en grupo.

Orientacións

A maior parte das estratexias propostas pode graduarse segundo o nivel de complexidade e de profundidade do traballo e en función das características dos alumnos e das posibilidades do profesor/a.

Deberá terse en conta que moitas das estratexias propostas supoñen certo traballo previo de organización e de facilitación de información por parte do profesor/a.

A estratexia de «O torneo» sería moi indicada para realizar en coordinación coas clases de Educación física, para un maior aproveitamento por parte dos alumnos.

ACTIVIDADE 1

(Antes da lectura): **A GUERRA DE TROIA**

Obxectivos

- Contextualizar espazo-temporalmente a obra de Homero que van ler.
- Facilitar a percepción cronolóxica da historia.
- Introducilos na concepción da realidade da sociedade grega durante a historia antiga.

Descrición

O profesor/a presentaralles a obra aos alumnos e explicaralles que recolle as aventuras e desventuras do guerreiro grego Ulises ao regreso dunha batalla. Isto servirá de introdución para lles explicar, a modo de lenda, en que consistiu a guerra de Troia, como comezou e como a gañaron os gregos.

Orientacións

3

O profesor/a deberá adaptar a complexidade conceptual e a dificultade lingüística ao nivel dos alumnos, de maneira que pareza un conto ou unha lenda, non unha clase de historia antiga. Trátase de que se familiaricen co contexto histórico e que coñezan os sucesos precedentes á obra que van traballar, para que cando aparezan certas alusións á batalla de Troia poidan situalas espazo-temporalmente.

Opcional

Se o profesor/a o considera oportuno e dispón de tempo suficiente, pode reforzar esta explicación coa proxección do filme *Troia*.

ACTIVIDADE 2

(Antes da lectura): **GRECIA**

Obxectivos

- Aumentar as destrezas dos alumnos nos seus procesos de busca de información.
- Compartir coñecementos, de xeito que o grupo clase poida construír un bosquexo das características principais deste país mediterráneo.
- Optimizar as súas formas de estruturar e de organizar a información.
- Fomentar a exposición oral e o discurso.

Descrición

¿Que é Grecia? ¿Que sabemos deste país? O profesor/a pode iniciar, con estas preguntas, unha achega colectiva de información, a modo de chuvia de ideas, sobre todo o que os alumnos coñecen de Grecia sen necesidade de recorrer a fonte de información ningunha. Todo o que acheguen será recollido no encerado ou nun papel, para utilizalo máis adiante.

Despois, pediralles aos alumnos un traballo de recollida de información a través doutras fontes (enciclopedias, atlas, guías turísticas, documentais, algunhas páxinas de Internet etc.). Para iso, deixará unha semana de prazo.

Así que recollan toda a información, poñerase en común na clase e, axudados polo profesor/a, organizarana e estruturarana de xeito que poidan construír un mural e colgalo na aula. O mural conterá todos os coñecementos compartidos que recompilamos e elaboramos e poderá servir de referencia en calquera momento.

Orientacións

Esta é unha actividade que pode realizarse con distintos niveis de complexidade e de profundidade, en función da idade e da situación dos alumnos, así como do tempo dispoñible e das posibilidades de implicación do profesor/a.

É moi importante a colaboración do profesor/a para estruturar e organizar os contidos. Trátase de que os alumnos se introduzan na realización destes esquemas desenvolvidos.

ACTIVIDADE 3

(Durante a lectura): **O MAPA**

Obxectivos

- Desenvolver a capacidade de orientación espacial.
- Facilitar a visualización da ruta que segue Ulises durante a *Odisea*.
- Introducir os alumnos no manexo dos mapas e na súa correcta interpretación.

Descrición

O profesor/a proporcionaralle un mapa da Grecia de Ulises a cada alumno/a, para que vaia trazando nel o percorrido que realiza o personaxe ao longo de toda a obra.

Tamén poden ir trazando noutra cor o percorrido que realiza Telémaco.

Orientacións

Algunhas illas cambiaron de nome co paso do tempo, de maneira que resulta de suma importancia que o mapa sexa da Grecia de Ulises, ou no seu defecto, que o profesor/a coñeza os nomes antigos das illas gregas dun mapa actual.

Esta actividade está deseñada para realizar individualmente, posto que cada alumno/a terá o seu propio mapa. Con todo, pódense dedicar dous minutos semanais do horario lectivo para realizala, de xeito que todos os alumnos tracen a ruta ao mesmo tempo e viaxen xuntos.

ACTIVIDADE 4

(Durante a lectura): **AS NOSAS ODISEAS**

Obxectivos

- Desenvolver a capacidade expresiva.
- Fomentar a creatividade narrativa.
- Aguzar o enxeño, a astucia, o sentido do humor ou outros recursos persoais.
- Familiarizarnos co manexo en situacións de tensión e coa resolución de problemas.

Descrición

Ao longo da obra somerxémonos en diferentes sucesos e aventuras polas que debe atravesar o protagonista para cumprir o seu obxectivo, que é regresar a Ítaca. Vaise atopando en situacións adversas e vai resolvéndoas grazas a súa astucia, á axuda de Atenea e ao favor dos fados.

Trátase de elaborar outras formas de resolución destes problemas. Pódese realizar de forma individual, por grupos, elaborando todas novas alternativas para saír airosos de cada situación, ou ben por quendas, asignándolle a cada alumno ou a cada grupo unha situación en concreto.

Por exemplo: Ulises protexe os seus guerreiros do canto das sereas poñéndolles cera nos oídos e pedindo que o aten ao mastro da vela maior. ¿Que outras opcións se nos ocorren? Tomar outra ruta, convencelas de que cantan moi mal etc. Trátase de desenvolver un pouco estoutas ideas, aínda que resulten pouco cribles ou disparatadas, de modo que creamos narracións alternativas, as cales podemos recoller en forma de libro. Esta será *A nosa Odisea*.

Orientacións

O profesor/a deberá ter en conta o enxeño, a orixinalidade e a credibilidade das ideas, así como a riqueza narrativa e o emprego do léxico, de xeito que en cada historia haxa sempre algún aspecto positivo que se poida salientar.

ACTIVIDADE 5

(Durante a lectura): **O TORNEO**

Obxectivos

- Motivar a práctica do deporte.
- Potenciar o espírito deportivo e a aceptación das capacidades persoais.
- Concienciar os alumnos da importancia do adestramento e da constancia para conseguir determinados obxectivos.

Descrición

Os gregos da Grecia clásica eran moi afeccionados ao deporte (pode ser un bo momento para introducir a orixe dos xogos olímpicos). Hai un momento, cando Ulises está no palacio do rei Alcínoo, no que os homes do lugar organizan un torneo para se divertir e presionan a Ulises para que participe.

Imos organizar o noso propio torneo con: lanzamento de disco, salto de lonxitude, lanzamento de bóla, salto de altura e carreira de velocidade, por exemplo.

Para realizar o torneo, será necesario aprender a manexarnos en cada disciplina, o que requirirá adestramento.

7

Orientacións

Se fose posible facer coincidir o traballo en Educación física co traballo da *Odisea* na clase de Lingua e literatura, a modo de contido transversal, o aproveitamento sería maior.

En caso de non ser así, pódense dedicar un par de horas ao adestramento e outra máis para o día do torneo.

Como as actividades son individuais, parece recomendable organizar grupos, de modo que cada membro participe nunha disciplina, co que se facilita así que cada grupo teña máis opcións de gañar nalgunha das disciplinas.

Para fomentar o espírito deportivo, como colofón do torneo podería realizarse un banquete, tal e como os celebraban na obra de Homero, con manxares que preparasen os propios alumnos con ocasión de tal evento.

ACTIVIDADE 6

(Despois da lectura): **O ZOO IMPOSIBLE**

Obxectivos

- Fomentar a creatividade.
- Desenvolver as habilidades plásticas.

Descrición

Na obra aparecen algúns seres mitolóxicos, como os ciclopes e as sereas. Trátase de crear outros seres mitolóxicos coa nosa imaxinación. Para iso, dispoñeremos de tres listaxes: unha con animais aéreos, outra con animais terrestres e outra con animais mariños. Cada alumno/a escollerá un animal de cada listaxe e debuxará o seu propio ser mitolóxico a partir da mestura dos tres. Ademais de determinado aspecto físico, que poderemos percibir a través do debuxo que realice, deberá sinalar as súas principais características e habilidades, tendo en conta os animais dos que está composto, así como inventarlle un nome que considere que lle cadra ben.

Se o profesor/a o considera apropiado, estes debuxos pódense facer tridimensionais, con arxila, pasta de papel ou algún outro material dispoñible, e expoñelos no salón de actos a modo de zoolóxico imposible.

8

Orientacións

Sería conveniente que as listaxes dos animais as proporcionase o profesor/a, para que todos os alumnos tivesen as mesmas posibilidades ao crear o seu propio ser mitolóxico.

ACTIVIDADE 7

(Despois da lectura): **O OLIMPO**

Obxectivos

- Ampliar os nosos coñecementos sobre a mitoloxía grega.
- Facilitar a incorporación dalgúns contidos de cultura xeral á bagaxe dos alumnos.
- Fomentar o intercambio de información e o traballo en grupo.
- Motivar a colaboración nun proxecto común.

Descrición

Coñecemos algúns deuses da mitoloxía grega, como por exemplo Zeus, Hermes, Poseidón e Atenea. Ademais, hai algúns outros que tamén nos soarán porque son bastante famosos, como por exemplo Afrodita, Apolo, Hades etc.

Trátase de que o profesor/a lles facilite aos alumnos unha árbore xenealóxica básica cos principais deuses do Olimpo e unha descrición somera das características e habilidades de cada un, así como de que eran protectores. Despois, fragmentará esas descricións entregándollelas aos alumnos mesturadas, de modo que entre todos as reconstrúan. Así que estean reconstruídas, pódense pegar nunha árbore xenealóxica mural, que servirá de referencia e consulta para os alumnos.

9

Orientacións

É interesante que cada fragmento conteña algunha característica ou algunha palabra clave que nos permita situalo como pertencente a un deus en concreto e non a outro. É dicir, que cada fragmento sexa discriminatorio, facilmente identificable.



ACTIVIDADE 8

(Despois da lectura): **¿QUE PASARÍA SE...?**

Obxectivos

- Fomentar a creatividade.
- Introducir os alumnos na actividade interpretativa.

Descrición

Penélope permaneceu vinte anos agardando por Ulises, sen a certeza de se volvería ou non, malia que cento oito pretendentes a presionaban para que casase con eles. Imos imaxinar que podería pasar se Penélope casase con outro. ¿Como serían a súa vida e mais a de Telémaco? ¿Como se xestionaría a illa de Ítaca? ¿Como reaccionaría Ulises ao volver?

Dividimos os alumnos en grupos de seis, para que elaboren un final alternativo a partir destas preguntas. Despois, pódeno representar para o resto da clase.

10

Orientacións

Cunha adecuada orientación por parte do profesor/a, pódense conectar estes finais alternativos con situacións e sucesos da vida máis próximos ao noso momento histórico e á nosa cultura.